


Belén Puñal Texto Xaquín Soliño, Xosé L. García Fotos

Rosalía enclaustrada

todo é peixe t crónica

Cando aquel 15 de maio de 1891 os restos de Rosalía foron exhumados, o seu novo destino foi un espazo laico, o desamortizado mausoleo de San Domingos de Bonaval. Dende hai uns meses, o Panteón de Galegos Ilustres fica baixo o control da Igrexa. Un cortexo cívico, que rememorou o celebrado aquel día de hai más dun século, demandou a recuperación do seu carácter secular.



Tendo que recoñecer que me colleu de sorpresa. Si agardaba a denuncia, o compromiso, mais a emoción que ao tanguer dos versos de Rosalía se espallou entre os centos de persoas que me rodeaban prendeume sen previo aviso. Hai espazos e momentos que teñen forza e vida propia. O cortexo cívico organizado o pasado 15 de xullo, en reivindicación dun uso público e laico do Panteón de Galegos Ilustres, foi un deles. Polo que tivo de homenaxe: a recreación, no 125 aniversario da súa morte, daquel primeiro cortexo, en 1891, no que os restos de Rosalía foron trasladados de Padrón á Igrexa de San Domingos de Bonaval. Pola forza da reivindicación: que o Panteón dos Galegos Ilustres volva ser laico como o foi até hai apenas uns meses, cando a Igrexa o recuperou tras un longo proceso xudicial. E polo que nel houbo de encontro, o encontro cuns versos que, en tantas cousas, dende a denuncia dos males do país até a de aqueles que acubillan no íntimo, seguen a afinar as cordas para tocar a melodía xusta.

"Todo pobo que quixo construir un futuro de liberdade no que fose capaz de escribir a historia da súa propia man, dono do seu destino, elixiu aquellas persoas que acrisolaron os valores como símbolo de referencia colectivo", afirmaba Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a entidade organizadora, ao comezo do percorrido. Eses símbolos, patrimonio colectivo dos galegos e das galegas, fican hoxe por hoxe baixo o control eclesiástico. Unha Igrexa que non dubidou en pechar durante meses o Panteón ao público cando recuperou a

titularidade; que o abriu xusto na véspera do cortexo, ante a presión social e despois de asegurarse de que o manteamento correría a conta dos petos da Xunta e que, hoxe por hoxe, ten o poder de decidir sobre os actos que alí se han de celebrar.

O cortexo reviviu punto por punto aquel que tivera lugar en 1891. O mesmo traxecto: o cemiterio de Adina, o traslado en tren, a procesión polas rúas de pedra da zona vella até San Domingos de Bonaval. En cada parada –no Toural, en Cervantes, na Praza da Universidade, no destino final– revivían os versos na boca de escritores e escritoras, cantores e músicos. "Rosalía pertence ao pobo e á sociedade para a que escribiu", comentábanos a poeta Yolanda Castaño. "É unha acción de xustiza con Rosalía. Máis aló dunha escritora, é a iniciadora da nación galega", verbas da deputada do BNG Carme Adán. "Como galego e talvez despois do baño da selección española vir aquí foi case instintivo", respondíanos o escritor Carlos Quiroga.

O protocolo de actuación asinado entre a Consellería de Cultura e a Arquidiocese de Santiago amosa ás claras quen ten o control. Durante un ano, prorrogable, a Xunta "queda autorizada" para a xestión e manteemento do Panteón e para a súa aertura ao público. Só o poderá utilizar para actos institucionais cinco días ao ano, o 25 de xullo e outros catro que serán determinados en comisión paritaria previo acordo e autorización do arcebispo de Santiago. Os custos derivados do protocolo (apertura, luz, limpeza...) sairán dos petos públicos. Existe a posibilidade, ademais –sinala



Escritoras, escritores, cantores e músicos homenaxeán a Rosalía no Panteón. X. L. G.



Antía Moure. x. s.



Teresa Moure recitando á poeta nacional. x. s.



Mercedes Queixas, Marta Dacosta e Anxo Angueira. x. s.

a deputada nacionalista Ana Pontón – de que o Pantheon comece a funcionar como igrexa parroquial. Cuestión que dende o arcebispado de momento negan, canto que o espazo está suxei- to ao convenio coa Xunta, mais nada indican do que pasará cando este remate. “Pregúntelle ao arcebispo dentro dun ano”, foi a resposta que nos deron cando os chamamos.

As persoas, os pobos, as nacións, non son sen os seus símbolos. E, dende a lingua até a propia tumba de Rosalía e Castelao, estamos a perder o control dos nosos.

As solucións pasan en boa medida, explica a deputada, pola capacidade de presión e negociación da Xunta. Por vías como a expropiación –que se poderían analizar sendo como é o Pantheon Ben de Interese Cultural– ou pola cesión da titularidade por parte da Igrexa. A administración ten bazas importantes coa que facer presión como son os cuantiosos fondos cos que nutre á Igrexa tanto para a posta en valor do patrimonio eclesiástico como para eventos como os 4.000.000 de euros que custará a visita do Papa. Mais dende a Consellería de Cultura retrucan que, dado que existe unha sentencia en firme do Tribunal Superior, non é posíbel reclamar a súa titularidade e que a expropiación dun BIC, por outra banda, só se pode efectuar cando o propietario non cumple coas obrigas para o seu mantemento.

As persoas, os pobos, as nacións, non son sen os seus símbolos. E, dende a lingua até a propia tumba de Rosalía e Castelao, estamos a perder o control dos nosos.